

## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN ARELAS (ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE MENORES TRANS DE GALICIA) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS AO COLECTIVO LGTBI (LESBIANAS, GAYS, TRANSEXUAIS, BISEXUAIS E INTERSEXUAIS)

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, é o órgano da Administración autonómica que ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre homes e mulleres, así como a eliminación da violencia de xénero.

O artigo 7 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais establece que *"os poderes públicos de Galicia establecerán un diálogo fluído e colaborarán coas asociacións, organizacións e colectivos LGTBI que teñan un interese lexítimo na loita contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero"*.

### Antecedentes

Dende o ano 2016, a Xunta de Galicia, vén asinando convenios de colaboración con asociacións, sen ánimo de lucro, legalmente constituídas que teñen como principal obxectivo a defensa e promoción dos dereitos das persoas pertencentes ao colectivo LGTBI.

### Finalidade

Para os efectos sinalados, propónse formalizar coa Asociación ARELAS (ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE MENORES TRANS DE GALICIA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.



O **obxecto** deste convenio é establecer as bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación ARELAS (ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE MENORES TRANS DE GALICIA) para levar a cabo actividades e programas dirixidos á promoción, aplicación e desenvolvemento de actuacións e medidas destinadas a avanzar no fomento e a promoción da igualdade de oportunidades, da visibilidade, sensibilización e da non discriminación do colectivo LGTBI.

O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

O artigo 17 da dita Lei 2/2014, recolle que *"os órganos competentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de familia e igualdade, así como os gobernos locais da Comunidade Autónoma de Galicia, poderán establecer programas de información dirixidos ás familias co obxecto de divulgar as distintas realidades afectivo-sexuais e de xénero e os distintos modelos familiares e de combater a discriminación por razón de orientación sexual e de identidade de xénero no ámbito familiar"* e que *"en particular, incidirase na información e promoción da igualdade de trato daquelas persoas LGTBI máis vulnerables por razón de idade (as e os adolescentes, mozos e mozas e terceira idade) e xénero (mulleres), para os efectos de garantir o pleno gozo dos seus dereitos e o libre desenvolvemento da súa personalidade no ámbito familiar"*.

Así mesmo, o Decreto 49 do 22 de abril de 2024, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, determina á Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, como órgano de dirección da propia Consellería, que será a encargada de *establecer relacións e canles de participación con asociacións, fundacións e outros entes e organismos que teñan entre os seus fins a consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, así como a igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero*

Conforme ao establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que na Comunidade Autónoma de Galicia existe un



número moi limitado de entidades legalmente constituídas, inscritas no RUEPSS e con experiencia acreditada, que desenvolvan actuacións específicas dirixidas ao colectivo LGTBI, polo que se xustifica a non procedencia dunha convocatoria pública e a sinatura de convenios con cada unha das entidades que manifestou o seu interese nesta colaboración.

**Aplicación orzamentaria:** 38.07.313B.481.0 (2017 00002)

**Contía total:** 6.000,00 €

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, data sinatura dixital

A directora xeral de Promoción da Igualdade

María Quintiana Pérez

